



# CAMBIO DO PERMISO DE CONDUCCIÓN MILITAR, DA GARDA CIVIL E DO CORPO NACIONAL DE POLICÍA

## REQUISITOS

- Ter a idade requirida para o permiso de que se trate.
- Que o permiso fose expedido por unha escola ou organismo militar ou da Dirección Xeral da Garda Civil legalmente facultados.
- Que o permiso estea en vigor.
- Que o titular do permiso estea en situación de actividade no corpo ou organismo militar ou policial ou non transcorresen máis de seis meses dende o cesamento.
- O permiso da clase A non se poderá cambiar ata que o da clase A2 que posúa teña, polo menos, dous anos de antigüidade.

## DOCUMENTACIÓN

- Solicitud:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT ([www.dgt.es](http://www.dgt.es)), onde se inclúe unha declaración de non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos a motor e ciclomotores.
- Taxa II.3:** 28,30 €.  
**Formas de pagamento:** por internet en [www.dgt.es](http://www.dgt.es), con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)).
- DNI:** orixinal en vigor.
- Informe de aptitude psicofísica telemático** anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores**.
- Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.  
Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.
- Talón foto:** cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.
- Permiso de condución que se solicita cambiar:** orixinal en vigor e fotocopia.
- Certificación** acreditativa de estar en servizo activo ou, de ser o caso, da data de cesamento.
- Permiso de condución civil:** en caso de posuílo.

## SUPOSTOS ESPECIAIS

**Representación:** cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que a representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuíto.

*A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.*